CONCELLO DE OROSO

Código nº _____

D. Pedro Mosquera e Dª. Alicia Prol teñen intención de fixar a súa residencia no Concello de Oroso, para elo pretenden construír unha vivenda unifamiliar nunha parcela que se atopa en solo clasificado segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal como de núcleo rural. D. Pedro Mosquera presenta escrito ao seu nome e asinado exclusivamente por este no que solicita que por parte do Concello se lle outorgue licenza de obras para a construción da vivenda e que esta sexa concedida a nome de ambos. Xunto coa solicitude achega proxecto técnico asinado por enxeñeiro técnico forestal.

Revisado o proxecto técnico obsérvase que a parcela da fronte a un camiño público que ten un ancho de 5 metros pero que no Plan Xeral de Ordenación Municipal figura grafado cun ancho de 8 metros, sendo ocupada a diferencia (3 metros) na actualidade pola parcela de D. Pedro Mosquera e Dª Alicia Prol. Á vista das deficiencias observadas o Concello resolve denegar a licenza solicitada.

Finalmente, e mentres duren as obras, pretenden situar unha casa prefabricada nun terreo que ten D. Lucas Pérez pai de Dª. Alicia Prol, para o que presentan ante o Concello comunicación previa acompañada de memoria técnica. Transcorridos 20 días da súa presentación no rexistro xeral da corporación, sen que por parte do Concello se teña realizado trámite ningún, os solicitantes inician as obras.

Don Dalmiro Izquierdo, propietario colindante dos terreos de don Lucas, á vista das obras comezadas, presenta unha denuncia no concello xa que considera que parte das obras da casa prefabricada estanse a facer nun terreo da súa propiedade e esixe a paralización inmediata das mesmas, axuntando unha certificación catastral na que aparece a devandita parte da finca ao seu nome.

Se solicita:

Que polo aspirante se analicen de xeito fundamentado os diversos aspectos do caso práctico e en especial se dea resposta razoada e fundamentada legalmente aos seguintes aspectos:

1.-¿É correcta a solicitude de licenza de obras presentada por D. Pedro Mosquera, se pretende que a licenza sexa concedida a nome de ambos?
2.-¿Considera correcta a actuación do Concello denegando a licenza? No caso de non ser así, explique cal sería a actuación procedente.
3.-¿Que actuación deberá realizarse para que o vial alcance o ancho previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal?
4.-Redacte o pe de recursos que debería levar a notificación da resolución de denegación da licenza solicitada.
5.-¿É correcta a tramitación da comunicación previa? indique o por que.
6.-Á vista dos feitos e trámites relativos ás obras da casa prefabricada, ¿que actuación debería realizar o Concello?.
7.- Razoe cal debería ser a actuación do concello ante a denuncia formulada por Don Dalmiro.

En cumprimento do previsto na LO 15/99 de Protección de dados de carácter pessoal e o RD 1720/07, informámosvos que os datos recollidos pelo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se en ningún caso serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos pessoais enviando ao concello a súa certa debidamente acreditada onde conste claramente os datos de contacto e del deberá xuntar fotocopia do seu DNI ou documento que acredite a súa identidade.

PRAZA DE ISAAC DÍAZ PARDO, 1 | 15680 SIGÜEIRO - OROSO | A CORUÑA | T. 981 691 478 | F. 981 691 760 |
info@concelloroso.com

www.oroso.es | www.concelloroso.com